

Nova publicación

GRAZAS A QUE ELAS FORON, HOXE NÓS SOMOS

Nos últimos anos millóns de mulleres rebelámonos en todo o mundo. Aque- las que desde nenos sufrimos o abuso, a violencia e a explotación, protagoni- zamos un momento histórico na loita pola nosa emancipación.

A loita pola nosa liberación, contra o machismo institucional e a xustiza patriarcal e clasista, deu un salto colosal. As mulleres da clase obreira —traballadoras, novas, amas de casa, xubi- ladas, paradas...— somos as indubida- bles protagonistas deste movemento.

As feministas revolucionarias, que combatemos o capitalismo, o racismo e o fascismo, non dubidamos en recoller

a testemuña de tódalas valentes pionei- ras que nos precederon nesta gran ba- talla pola igualdade, declarando a gue- rra a todo tipo de opresión.

O marxismo —tan calumniado polo capitalismo e polas defensoras do fe- minismo burgués e pequenoburgués— deu voz e visibilidade a grandes teóricas e militantes cuxas obras e vidas foron ocultadas, terxiversadas ou suprimidas na historia oficial da clase dominante. Sostendo que a opresión da muller xor- de das bases económicas e que a nosa discriminación é o reflexo da sociedade nun determinado estado de desen- volvemento, explicando que o patriar- cado naceu coas clases sociais, abriu o lume a favor da liberación da muller como nunca antes sucedera.

Desde **Flora Tristán**, socialista que avogou pola emancipación da clase obreira e da muller como un todo inseparable; **Elisabeth Dmitrieff** e a anarquista **Louise Michel**, que no 1871 situáron- se na barricada da revolución durante a Comuna de París; sufraxistas inter- nacionalistas como **Sylvia Pankhurst**; sindicalistas abnegadas como **Eleanor Marx**; comunistas como a alemá **Clara Zetkin** e a polaca **Rosa Luxem- burgo**; bolxeviques rusas como **Nadezh- da Krúpskaia**, **Alexandra Kollontái**, **Inessa Ar- mand**, **La-**

risa Reisner e **Natalia Sedova**, que nos primeiros anos trala Revolución de Outubro de 1917 contribuíron deci- sivamente a construír a sociedade máis igualitaria, xusta e democrática xamais coñecida.

Todas elas, en distintas épocas e paí- ses, cos seus acertos e os seus erros, su- friron a represión e o exilio, pero iso non evitou que entregasen as súas vi- das para liberar ás desposuídas do po- zo de escuridade e de violencia ao que nos condena este sistema, así como a loitar por unha sociedade sen clases de xeito conxunto co resto de oprimidos.

Estudar o seu legado, rescatar to- das estas xigantes do esquecemento e darlles o lugar que lles corresponde é o obxectivo de *Mujeres en revolución*, un libro que contén as biografías de doce pioneiras do feminismo revolucionario escritas por militantes de Esquerda Re- volucionaria do Estado español, Méxi- co, Portugal e Alemaña.




Libres e Combativas

Feminismo revolucionario e anticapitalista



VOLVEMOS ÁS RÚAS CON FORZA



Podes adquirir esta publicación na **LIBRERÍA EN LIÑA** da Fundación Federico Engels.

fundacionfedericoengels.net

200 páxinas
10 euros



somoslibresycombativas@gmail.com
www.libresycombativas.net



Número 14



ESQUERDA REVOLUCIONARIA

Pola folga xeral feminista! Volvemos ás rúas con forza!

1.125 asasinadas desde o 2003, 43 delas no 2021, segundo datos oficiais. A xustiza patriarcal protexendo aos agresores con sentenzas infames. Milleiros de mulleres pobres e nenas seguen sendo vítimas da trata, da prostitución, da pornografía e dos ventres de alugueiro. Dereitos como o aborto negados sistematicamente na sanidade pública. A desigualdade, a fenda salarial e o paro golpeando a millóns de nós.

Mentres tanto, o integrista católico, o PP e a extrema dereita de Vox seguen espaxando o veneno da LGTBIofobia e

o machismo, grazas á cobertura política que lles outorga o réxime do 78. Isto traducíase nun aumento do 30% das denuncias por violación—contabilizándose seis diarias no Estado español— e tamén nunha escalada de agresións físicas, mesmo asasinatos, pola nosa orientación ou identidade sexual que quedan impunes.

Contra esta realidade de violencia insuportable e inaceptable, que recuou dramáticamente nestes dous anos de pandemia, rebelámonos millóns de mulleres traballadoras e novas.

Tamén debemos sinalar que, lamentablemente, non experimentamos mellores substancias baixo o Goberno PSOE-UP. Tras dous anos de xestión, e a pesar de toda a propaganda oficial, podemos dicir que o “Executivo máis feminista”

non cumpriu coas expectativas xeradas. Renunciando a poñer fin aos recortes e aos desafiuzamentos, sen enfrontarse ao poder da Igrexa, sen tocar os negocios dos proxenetes e asumindo as sentenzas patriarcales, enviando aos antidisturbios para reprimir a protesta social, ou negándose a que a materia de educación sexual inclusiva sexa obrigatoria nas escolas... así non se defenden os dereitos das mulleres!

A loita feminista é antifascista, antirracista e anticapitalista, e está unida á das persoas trans e á do conxunto do colectivo LGTBI. Nunca ninguén nos regalou nada, tódolos nosos dereitos arrincámonos coa mobilización.

O próximo 8 de marzo temos unha gran oportunidade para, unha vez máis, berrar que *non temos medo!* a quen nos quere submisas, caladas e na casa. Desde Libres e Combativas, o Sindicato de Estudantes e Esquerda Revolucionaria con-

sideramos que é necesario que o conxunto do movemento feminista e os sindicatos de clase chamen á folga xeral ese día. O lamentable espectáculo do ano pasado non pode volver repetirse cando, desde o Goberno e desde o feminismo institucionalizado, chamaron a non manifestarse co argumento da pandemia, mentres se celebraban legalmente marchas de corte fascista ou eventos deportivos multitudinarios.

O camiño para enfrontarse á ofensiva da extrema dereita contra os nosos dereitos é a mobilización máis contundente. Por estas razóns, Libres e Combativas, xunto ao Sindicato de Estudantes, chamamos a tódalas e tódolos estudantes a baleirar as aulas nunha potente folga xeral estudantil o 8M e a encher masivamente as rúas nas manifestacións das 12 h, e nas convocatorias unitarias da tarde.

Contra a violencia machista, a LGTBIofobia e o fascismo: todas e todos á folga!

Consulta as manifestacións en libresycombativas.net ou sindicatodeestudiantes.net



Libres e Combativas en acción



Viva a loita da muller obreira!

Somos novas e traballadoras da clase obreira, e Libres e Combativas apoiou decenas de colectivos en loita e as súas reivindicacións: as afectadas polo anticonceptivo Essure, as compañeiras do Servizo de Axuda a Domicilio (SAD), da limpeza do Hospital Gregorio Marañón, as Kellys, as pensionistas... Hoxe coma onte, a organización das máis oprimidas é o único camiño.

Por unha materia de educación sexual obrigatoria

Queremos o machismo e a relixión fóra das nosas aulas! Por iso defendemos a necesidade de impulsar unha materia de educación sexual, inclusiva e en liberdade, que sexa obrigatoria e avaliable en tódolos centros de estudo, para educar na igualdade, o respecto e a tolerancia. Queremos e necesitamos servizos de planificación familiar públicos e de calidade, así como acceso a métodos anticonceptivos gratuítos en tódolos institutos e facultades. Non podemos agardar máis!



En pé de guerra contra a xustiza patriarcal

Como fixemos coa campaña “xustiza para Paz” en Asturias ou “non estás soa” en México, a mobilización e denuncia da xustiza machista, homófoba e franquista que nos somete ao escarmio público, culpabilizanos e golpéanos coas súas sentenzas, é un dos síndromes do aparato do Estado e as súas institucións de tódolos elementos reaccionarios e fascistas! Hai que sancionar con dureza a tódolos policías, xuíces e fiscais que coa súa actitude e decisións favorecen a impunidade dos nosos agresores!



Pola abolición da prostitución

A compravenda dos nosos corpos nin é unha elección libre nin nos empodera, é unha forma de violencia extrema contra as mulleres, e especialmente contra as máis empobrecidas. Sempre estivemos e estaremos frontalmente en contra da prostitución, da pornografía, do tráfico de mulleres, dos ventres de alugueiro e da cosificación dos nosos corpos. Esiximos a fin deste repugnante negocio multimillonario consentido polos gobernos capitalistas de todo o mundo. E non cesaremos a nosa loita polo endurecemento das penas aos proxenetes e traficantes de persoas, e pola expropiación de todo o seu patrimonio para rescatar socialmente ás vítimas.



Aborto libre, gratuíto e na sanidade pública!

Nin a Igrexa, nin os representantes do sistema e a súa dobre moral poden teñen dereito a decidir sobre os nosos corpos. Polo dereito ao aborto libre, gratuíto e seguro na sanidade pública, a tratamentos de fertilidade públicos e gratuítos, e a unha atención xinecolóxica digna e de calidade, con seguimentos pediátricos da nosa saúde e tratamentos para detectar, previr e atender coa maior rapidez o cancro de mama, ovarios ou útero, as ETS ou calquera outra enfermidade.



Derrotamos a xustiza patriarcal!

Sentenza histórica en México contra un violador reincidente

O 21 de decembro de 2018 unha compañeira de Libres e Combativas foi atracada, secuestrada e violada na alcaldía de Iztapalapa, en Cidade de México. Desde ese mesmo día tivémonos que enfrontar con unha actitude repugnantemente machista, e conscientemente negligente por parte das autoridades que supostamente son as encargadas de resolver este tipo de delitos.

Ante o intento do Ministerio Público de persuadir á vítima de non realizar a denuncia porque “sería un proceso longo”, e tras coñecer tódalas irregularidades que se estaban sucedendo na investigación, Libres e Combativas decidimos lanzar a campaña “Non estás soa” en xaneiro de 2019. Tiñamos que dar a coñecer este caso para seguir denunciando a violencia estrutural que sufrimos as mulleres en México e a xustiza patriarcal tamén desde as rúas. E así o fixemos.

Durante case tres anos fixemos fronte á corrupción e ao alongamento dos procesos xudiciais que converten as denuncias nunha tortura aínda maior para as vítimas e as súas familias. Freamos o intento de aprazar as audiencias xudiciais baixo a excusa da pandemia. Organizamos 12 actos públicos e mítins, enviamos queixas á Comisión de Dereitos Humanos da CDMX, entregamos máis de 300 sinaturas chegadas de todo México e a nivel internacional aos tribunais, achegamos nova información do agresor polos nosos propios medios—descubrimos que atacara antes a, polo menos, outras dez mulleres na zona de Iztapalapa—. É dicir, utilizamos tódalas ferramentas ao noso alcance e a presión dun movemento feminista en ascenso para facernos ver e escoitar.

Grazas a estes métodos, á valentía e á forza da nosa compañeira, e ao apoio que recibimos de decenas de colectivos e centenas de mulleres e homes, o 19 de novembro de 2021 conseguimos unha sentenza non só exemplar, senón histórica: 81 anos

e 6 meses de cárcere contra un violador reincidente, polos delitos de secuestro exprés agravado e violación. Esta resolución do caso é aínda máis demoleadora se temos en conta que en México prodúcense 11 feminicidios ao día e só o 5% das denuncias por violación obteñen algún tipo de sentenza—as penas máximas adoitan ser de 17 anos en comparación coas condenas por secuestro que chegan ata os 90—.

Hoxe hai un violador menos nas rúas de México. Grazas á mobilización conseguimos xustiza para tódalas vítimas deste criminal. Só coa organización e defendendo un feminismo de combate e anticapitalista poderemos conseguir unhas vidas libres de toda violencia, poñer fin a tanto sufrimento e humillación e derrotar este sistema capitalista patriarcal.



Queremos ser o que somos

Mobilizámonos na defensa dos dereitos trans e do conxunto do colectivo LGTBI, berrando desde as rúas que *feminismo non é transofobia!*, esixindo un castigo exemplar a quen nos golpea, humilla e asasina pola nosa orientación ou identidade sexual e impulsando un movemento LGTBI revolucionario e de combate.

